



Máis do 40 % das profesionais que traballan en R son científicas ou tecnólogas

Das 154 persoas que traballan en R, o 40 % son mulleres, e máis dun 40 % delas desenvolven o seu labor profesional nas áreas de Rede, Tecnoloxía e Sistemas.

R reafirmou o seu compromiso coa paridade, asinando un Plan de Igualdade que trasladou a todos os procesos internos de xestión, selección, formación e desenvolvemento profesional.

10 de febreiro de 2021. No Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia, Nacións Unidas volverá mañá sensibilizar sobre a necesidade de revertir a brecha de xénero neste ámbito, un obxectivo que **R** fixo seu dende os seus inicios fai un cuarto de século. Hoxe, máis do 40 % das 154 persoas que traballan na compañía de telecomunicacións son mulleres e, delas, un 40 % son científicas ou tecnólogas que desenvolven o seu labor profesional nas áreas de Rede, Tecnoloxía e Sistemas.

Nestes departamentos considerados STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas, polas súas siglas en inglés), destaca ademais a ampla presenza de Enxeñeiras Superiores en Informática, Enxeñeiras Superiores de Telecomunicacións, Enxeñeiras Superiores Industriais, Licenciadas en Ciencias Físicas e Licenciadas en Matemáticas, entre outras titulacións. Todas elas forman parte do equipo técnico de **R**.

É o resultado dunha estratexia igualitaria que **R** revalidou en 2020 coa sinatura do seu Plan de Igualdade. Un documento que se traduciu na incorporación do principio de igualdade en todos os procesos internos de xestión, selección, formación e desenvolvemento profesional da compañía.

Así mesmo, en virtude deste Plan, estableceuse tamén un modelo de clasificación de postos e roles que preserva os criterios de igualdade e leváronse a cabo accións positivas en áreas como a promoción interna.

Neste sentido, destaca tamén a posta en marcha de proxectos co obxectivo de fomentar o empoderamento feminino, destacar o papel das mulleres no sector das telecomunicacións e potenciar as súas competencias profesionais.

Co obxectivo de seguir impulsando a presenza de mulleres en ciencia e tecnoloxía, **R** tamén colabora en diversas iniciativas de emprego, cátedras e másteres, centrando o seu interese no emprego, o emprendemento e o apoio á inserción da muller no sector das novas tecnoloxías.

Neste sentido, a compañía fai especial fincapé en achegar as nenas e mozas a estes ámbitos, para que sexan as científicas e tecnólogas de mañá. Para iso, leva a cabo os obradoiros de Robótica Crea **R**, un programa propio para o fomento do talento dixital en Galicia dirixido a mozos e familias, Tamén, e participa no foro Empregalia organizado pola Asociación de Mulleres en Igualdade de Vigo; na Feira de Emprego IFFE Business School da Coruña, así como nas cátedras de Ciberseguridade das universidades da Coruña e Vigo. Participa no Foro tecnolóxico de Emprego coas tres escolas de Enxeñaría da Universidade de Vigo, en CyBerSec@GAL dentro do Plan Digitalent que impulsa dende a Cátedra **R** en Ciberseguridade coas universidades de Vigo e da Coruña, e colabora estreitamente co Foro de Ciberseguridade de Galicia, entre outras iniciativas.

Outro punto onde se apoian e fomentan o emprendemento e a vocación STEM por parte da compañía é a celebración da XGNR Encounter con actividades de robótica, concursos e conferencias sobre as novas tendencias TIC.

A través da súa política de igualdade, **R** continúa incrementando o protagonismo das mulleres nas áreas STEM da compañía, contribuíndo con iso ao desenvolvemento da sociedade dixital en Galicia.ç

A igualdade e diversidade, a xeración de emprego de calidade, o medio ambiente e o consumo responsable, a innovación e infraestruturas sustentables, a educación de calidade e a xeración de alianzas son algunhas das liñas de traballo como compañía, coincidentes e aliñadas cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030 de Nacións Unidas.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal